

MATERIA

Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)

unidade
didáctica
9

TITULACIÓN

Grao en Xornalismo

Ciencias Sociais e Xurídicas

Sistema electoral

Elena Rosalía Rodríguez Fontenla

Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16954-13-1

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954131>

MATERIA: Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos (Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)

TITULACIÓN: Grao en Xornalismo

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN Á CIENCIA POLÍTICA

Unidade I. Ciencia e política

- O coñecemento da política
- Ciencia política normativa e empírica
- Institucionalización da ciencia política

Unidade II. Concepto de política

- Concepto de política e a súa relación co concepto de poder
- Política e moral
- Ante a fin da política?

Unidade III. Estado e Sistema político

- A política antes do Estado
- O Estado como organización política: elementos constitutivos. Formas de Estado
- O esgotamento do Estado
- O sistema político

BLOQUE 2: INSTITUCIÓNS E RESULTADOS

Unidade IV. Democracia, Poliarquías e réximes non democráticos

- Dende a democracia dos clásicos ás poliarquías contemporáneas
- O estado liberal-democrático: auxe e desgaste
- Novos modelos de democracia
- Réximes non democráticos

Unidade V. Distribución territorial do poder

- Estados unitarios
- Estados compostos: Confederación, federación e autonomía
- Goberno multinivel e gobernanza

Unidade VI. Executivos e administracións

- A noción de goberno e formas de goberno
- Organización
- Concepto e modelos de administración pública
- Executivos duais e Executivos monistas
- Os debates contemporáneos sobre o peso do executivo en detrimento do parlamento

Unidade VII. Políticas públicas

Concepto de políticas públicas, enfoques e teorías
Fases do proceso e toma de decisións
Condições económicas e sociais da actuación política

Unidade VIII. Parlamentos e representación

A representación no antigo réxime
Representación moderna e o concepto de mandato representativo
Estrutura, composición e funcións dos parlamentos

Unidade IX. Sistema electoral

Funcións das eleccións
Características do sufraxio electoral democrático
Condições do elector
Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes
Efectos do sistema electoral
O sistema electoral español: principais atributos
Liñas de debate actual na ciencia política

Unidade X. Poder xudicial

Elementos para o estudo do sistema de xustiza
Aparato policial, fiscalía, xurado, outros operadores

Unidade XI. Sistemas políticos comparados

Sistema político galego e español
Sistema político europeo
Sistemas políticos: países europeos, Norteamérica e Canadá
Sistemas políticos: América latina
Sistemas políticos: Rusia, Asia, África

BLOQUE 3: IDEAS E IDEOLOXÍAS POLÍTICAS E MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS**Unidade XII. Liberalismo**

Introdución ao estudo da ideoloxía política do liberalismo
Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade
Liberalismo no século XXI

Unidade XIII. Socialismo e comunismo

Introdución ao estudo da ideoloxía política do socialismo
Contextos teóricos e históricos: orixes do socialismo, Marx, Comunismo e socialdemocracia
Socialismo e Comunismo no século XXI

Unidade XIV. Anarquismo. Conservadorismo. Republicanismo. Comunitarismo

Anarquismo
Conservadorismo
Republicanismo
Comunitarismo

Unidade XV. Fascismo. Fundamentalismos relixiosos. Populismos

Fascismo
Fundamentalismos relixiosos
Populismos

Unidade XVI. Nacionalismo. Multiculturalismo

Nacionalismo
Multiculturalismo

Unidade XVII. Feminismo. Ecoloxismo. Antiglobalización

Feminismo
Ecoloxismo
Antiglobalización

BLOQUE 4: ACCIÓN POLÍTICA, ACTORES POLÍTICOS**Unidade XVIII. Acción colectiva, grupos de interese e movementos sociais**

Acción colectiva, democracia e asociacións de intereses
Modelos de acción colectiva
Grupos de interese
Os movementos sociais: proceso decisorio, organización, medios de representación, descontento e acción

Unidade XIX. Partidos políticos

Concepto de partido político
Orixe e desenvolvemento e tipoloxías
Funcións, estrutura interna, dirección e financiamento
O sistema de partidos políticos

Unidade XX. Comunicación política e opinión pública

Política e comunicación
Proceso de comunicación
Estratexias e campaña electoral
Comunicación en masa e novas tecnoloxías
Enquisas e sondaxes
A opinión pública

Unidade XXI. Cultura política

Concepto e estudo da cultura política
A socialización política
Funcións da cultura política

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

A METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de texto
2. Actividade en grupo de indagación na web e debates na aula
3. Práctica de simulación de procesos electorais
4. Outras

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Funcións das eleccións
 - 1.1. Funcións das eleccións competitivas
 - 1.2. Funcións das eleccións non competitivas
 - 1.3. Funcións das eleccións semicompetitivas
2. Características do sufraxio electoral democrático
 - 2.1. Universal
 - 2.2. Libre
 - 2.3. Igual
 - 2.4. Directo
 - 2.5. Secreto
3. Condicións do elector
4. Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes
 - 4.1. Variables independentes principais
 - 4.1.1. Fórmula electoral
 - 4.1.2. Magnitude
 - 4.1.3. Barreira electoral
 - 4.1.4. Tamaño da asemblea
 - 4.2. Variables independentes secundarias
 - 4.2.1. Estrutura ou modalidade do voto
 - 4.2.2. *Malapportionment*
 - 4.2.3. Diferenzas entre eleccións lexislativas nos sistemas parlamentarios e presidencialistas
 - 4.2.4 Posibilidade de unión das listas

5. Efectos do sistema electoral
 - 5.1. Aspectos teóricos
 - 5.2. Índices de Proporcionalidade
 - 5.2.1. Fórmula de Rae
 - 5.2.2. Fórmula de Loosemore e Hanby/ Rose
 - 5.2.3. Fórmula de Gallagher
6. O sistema electoral español: principais atributos
 - 6.1. Aspectos introductorios
 - 6.2. O sistema electoral para a elección dos membros do Congreso de Diputados
 - 6.3. O sistema electoral para a elección dos membros do Senado
 - 6.4. Efectos do sistema electoral español nos partidos
7. Liñas de debate actual na ciencia política

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual
2. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

1. Exemplos de textos
 - Texto 1)
2. Práctica de simulación electoral

PRESENTACIÓN

A presente Unidade Didáctica é a novena das que constitúen o conxunto do programa docente da materia Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos, materia obrigatoria (código G3031V01) do primeiro curso do Grao de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. A materia é impartida no primeiro semestre, e ten unha carga lectiva de 6 créditos ETCS no plan de estudos do grao. Un 40% do horario ten carácter interactivo mentres que o 60% é de tipo expositivo. A programación docente da materia estaría constituída por 21 unidades didácticas.

XUSTIFICACIÓN

A presente unidade didáctica inscríbese no segundo bloque do programa da materia dedicado as institucións políticas e aos seus resultados. O estudo das institucións na ciencia política relaciónase coas preocupacións na disciplina polo estudo das estruturas formais fronte o comportamento dos actores. Na teoría política clásica o estudo das institucións asóciase á procura do mellor tipo de sociedade e réxime político. A finais do século XIX e comezos do XX, nace a moderna ciencia política como disciplina académica e as institucións na súa modalidade constitucional constitúen un elemento central dos estudos característicos desta era. Trala posguerra o groso da disciplina dedícase ao estudo do comportamento político baixo a égida do condutismo e o positivismo. Xa nos anos 80 xorde o que daría en denominarse «neoinstitucionalismo» que retoma dende unha perspectiva renovada e conformada internamente por varios enfoques a idea compartida de que as institucións condicionan a política, definindo valores, normas, obxectivos, medios roles e identidades individuais e colectivas (March e Olsen, 1983). Así, dentro dos enfoques racionais do neoinstitucionalismos abundan estudos que comparan diferentes sistemas electorais en aras de estudar o impacto das regras electorais no número de partidos, na existencia dun partido maioritario na lexislatura e nos resultados en termos de políticas. Cómo o deseño de novos sistemas electorais por parte de actores políticos ten como obxectivo o nesgo das institucións electorais ao seu favor (Bo Rothstein, 2001).

Deste modo, esta unidade didáctica responde á necesidade de transmitir ao alumnado de xornalismo as nocións básicas dun compoñente institucional básico das democracias contemporáneas como é o sistema electoral. A diferenza do dereito electoral que se preocupa da análise do réxime electoral, a ciencia política estuda o sistema electoral. Dende unha perspectiva politolóxica, preténdese pois transmitir a transcendencia política das eleccións nunha democracia: unha práctica que vai parella ao espírito da democracia é constitúe un dos elementos centrais dun sistema político democrático. O voto é así un acto a través do cal o cidadán, en tanto actor político conforma a renovación periódica da cor política das institucións políticas representativas.

Neste senso esíxese o estudo do sistema electoral como elemento fundamental da comprensión do funcionamento e natureza dunha dimensión

central do sistema político: o mecanismo de representación. O sistema electoral é pois o conxunto de regras de xogo, isto é, unha serie de normas e institucións, que en constante interacción, fan posible o tránsito dende os partidos electorais que compiten polo voto aos partidos que obteñen a representación nas cámaras representativas. Un sistema electoral é pois un conxunto de diversos elementos en interacción que producen un efecto global resultante non imputable a un só dos seus compoñentes e que, ademais, é un dos factores máis importantes na modelaxe dun sistema de partidos.

O estudo do sistema electoral ademais permite encontrar respostas a preocupación de todo cidadá de ata que punto o seu voto inflúe na composición dos órganos representativos e por extensión no proceso político así como reflexionar sobre o valor do seu voto en termos xerais e en termos relativos ao emitido noutras circunscricións. Neste senso, permítenos comprender que a idea dun «voto por persoa» que resoa na natureza dos argumentos político-normativos a favor da proporcionalidade debe necesariamente conxugarse con outros valores igualmente importantes como a gobernabilidade e estabilidade, isto é, a tensión necesaria entre a lóxica da gobernabilidade e da proporcionalidade na representación.

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

Os obxectivos Xerais (**OX**) da materia «Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos» son os seguintes:

O.X.1.- Coñecer e situar as principais teorías e paradigmas da ciencia política a través do estudo dos actores e as institucións políticas. Recoñecer algunhas das teorías e enfoques máis relevantes que xiran en torno a conceptos como política, poder, autoridade e lexitimidade.

O.X.2.- Introducción ás teorías sobre o poder e a súa lexitimación, a relación entre moral e política e comprender a complexidade do concepto de política.

O.X.3.- Comprender e assimilar os conceptos e nocións básicas para a análise política e aprender a construír un marco teórico e interpretativo para dita análise.

O.X.4.- Comprender a diferenza entre analizar a política dende un enfoque normativo e un empírico e aprender a ser conscientes a nivel subxectivo da súa utilización.

O.X.5.- Comprender a importancia dos debates centrais da disciplina así como desenvolver a capacidade crítica para adoptar unha postura razoada sobre os mesmos.

O.X.6.- Desenvolver a capacidade de análise e reflexión crítica da actualidade política e da ciencia política dende a elaboración razoada e desapaixonada dos argumentos e posturas e fornecer o vocabulario básico para exercer o xornalismo especializado na política, perfeccionándose na habilidade de elaborar argumentacións de calidade tanto no rexistro oral como escrito.

O.X.7.- Desenvolver a comprensión como actor político e cidadán dende o fornecemento das habilidades necesarias para un debate público e democrático de calidade.

O.X.8.- Manexar como conceptos fundamentais a noción do estado como organización política e comprender a importancia da noción de sistema político.

O.X.9.- Coñecer os conceptos fundamentais para a análise dos procesos e estruturas políticas e administrativas en especial no que atinxe aos diferentes tipos de réximes e formas de goberno e tipos de estado; e analizar as diversas configuracións dos sistemas de poderes: executivos e administración, parlamentos e poder xudicial.

O.X.10.- Adquirir un coñecemento fundamental do funcionamento das democracias contemporáneas e dos mecanismos de representación democrática en relación aos réximes non democráticos e ser capaz de analizar e valorar empiricamente as dificultades que atravesan os países en vías de democratización.

O.X.11.- Estudar os aspectos fundamentais dos sistemas de partidos e dos sistemas electorais presentes en todo sistema político dende unha perspectiva teórica e empírica.

O.X.12.- Coñecer os diversos modelos e sistemas de distribución territorial do poder analizando a súa complexidade e centrarse nos principais debates contemporáneos suscitados sobre as vantaxes e inconvenientes de cada modelo.

O.X.13.- Coñecer as teorías principais sobre a relación política, a cidadanía, a acción política e adquirir unhas nocións fundamentais para comprender a natureza dos principais actores políticos: partidos, grupos de presión, medios de comunicación e dos movementos sociais contemporáneos (ecoloxismo, nacionalismo, feminismo, antiglobalización).

O.X.14.- Comprender o funcionamento dos principais compoñentes no ámbito político e institucional que conforman o sistema político español, europeo e galego así como manexar os principais conceptos constitucionais a través dunha análise comparativa.

O.X.15.- Estudar a política en tanto resultado afondando no coñecemento do ciclo das políticas públicas, así como a dinámica da burocracia e administración pública, os grupos de presión e demais actores de políticas.

O.X.16.- Coñecer as principais familias de ideoloxías políticas dende a súa complexidade e variedade interna e entender a súa dinámica dende un coñecemento académico da dinámica das ideoloxías políticas. Introducirse no estudo dos pensadores, argumentos e conceptos máis significativos.

Para o tema 9 da materia que constitúe o obxecto desta unidade didáctica-establécense os seguintes obxectivos específicos **(O.E.)**:

O.E.1.- Comprender a relevancia das eleccións e dos sistemas electorais para a natureza da representación política de todo sistema político democrático e estudar os vínculos entre o sistema electoral e o poder lexislativo e o poder executivo.

O.E.2.- Analizar as principais características do sufraxio electoral democrático no eido teórico e no ámbito do caso español.

O.E.3.- Coñecer os conceptos e teorías principais sobre os sistemas electorais e comparar as súas contribucións en relación aos estudos empíricos.

O.E.4.- Estudar os principais compoñentes dun sistema electoral afondando nas diversas dinámicas froito da interacción conxunta de ditos elementos así como a diferente magnitude dos efectos de cada un deles.

O.E.5.- Analizar as diversas implicacións dos efectos do sistema electoral na vida política, en especial sobre a organización de partidos, estudando en especial a relación entre o sistema electoral e o sistema de partidos estudando os efectos do primeiro sobre o segundo.

O.E.6.- Coñecer os aspectos fundamentais que conforman a natureza do sistema electoral español xurdido da Constitución de 1978 no que atinxe ás eleccións ao Congreso de Deputados e Senado, analizando as súas peculiaridades en perspectiva comparada así como a súa heteroxeneidade interna a nivel de funcionamento.

O.E.7.- Valorar as demandas políticas actuais sobre a reforma do sistema electoral analizando a racionalidade de ditas demandas por parte dos actores políticos respecto aos efectos do sistema electoral sobre os resultados das súas formacións.

O.E.8.- Coñecer os principais debates sobre os deseños dos sistemas electorais e en especial as propostas sobre os réximes electorais mixtos.

Estes obxectivos específicos irán encamiñados sobre todo á consecución dos xerais 6, 7, 10, 11 e 14.

A METODOLOXÍA

Os contidos desta unidade didáctica desenvolvéronse a través de clases expositivas e interactivas. Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas e a realización de esquemas no encerado. Asemade, boa parte dos contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles para todo o alumnado no Campus Virtual, onde xunto coas presentacións con diapositivas achegaranse os artigos e documentos que constitúen a bibliografía básica da unidade didáctica.

As clases prácticas centrarán máis o menos a metade dos contidos teóricos impartidos nesta unidade. A dinámica será de tipo interactivo motivándose en todo momento a continua participación dos alumnos a partir das instrucións sinaladas para tales efectos. Os soportes para o desenvolvemento das prácticas serán de tipo audiovisual e textual. Porase a dispor do alumnado tanto no Campus Virtual coma na aula os esquemas, instrucións e demais material pertinente e necesario para guiar ditas prácticas.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de texto

Nas sesións interactivas realizaranse comentarios de carácter individual ou en grupo sobre fragmentos de textos que xirarán en torno a unha serie de cuestións e preguntas deseñadas co fin de aplicar os contidos aprendidos nas clases expositivas.

Algúns dos comentarios traeranse preparados xa da casa para facilitar a posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase, e outros realizaranse de modo presencial logo da lectura ou visionamento do contido pertinente.

Os comentarios de texto servirán de estímulo para a constante reflexións sobre as cuestións teóricas centrais da unidade didáctica. Centraranse entre outros aspectos sobre as teorizacións clásicas e os estudos empíricos dos estudos sobre os sistemas electorais de autores como Duverger, Dahl, Lijphart ou Sartori, así como sobre artigos de opinión que versen sobre as debilidades ou fortalezas do sistema electoral español.

No anexo 1 amósasen a modo de exemplo algúns fragmentos dos textos que serán materia de ditas clases interactivas.

2. Actividade en grupo de indagación na web e debates na aula

Co obxecto de analizar a dimensión política e non estritamente técnica do deseño dos sistemas electorais así como a plena actualidade no caso español de ditas cuestións, realizarase unha serie de actividades guiadas na aula a través das cales os alumnos, de modo en grupo, comparen nos programas políticos de diversos partidos referentes as propostas relativas as modificacións do sistema electoral español.

Posteriormente, co obxecto de fomentar a capacidade argumentativa do alumnado organizaranse grupos de catro ou cinco alumnos aos cales se lles será asignada a defensa dunha particular liña argumentativa nun debate na aula: en favor de determinadas modificacións do sistema electoral e en contra da introdución de reformas ao mesmo. Para a preparación de tales debates será preciso un labor previo de revisión bibliográfica co obxecto de apoiar a postura correspondente co maior número de argumentos posibles. Estes debates realizaranse posteriormente á docencia expositiva dos contidos da epígrafe referida aos compoñentes do sistema electoral, en aras de que o alumnado adquira flexibilidade no manexo de ditos conceptos.

3. Práctica de simulación de procesos electorais

Boa parte dos contidos desta unidade didáctica esixen necesariamente a visualización empírica en aras da comprensión de todo o seu alcance. Este é o caso do estudo dos compoñentes do sistema electoral. Co obxecto de entender o seu funcionamento, a súa relación e a seu alcance explicativo no eido da docencia desta disciplina é case obrigado o recorrer ás aplicacións informáticas ou online que permiten ao alumno simular os resultados derivados de diversas combinacións imaxinarias destes elementos.

No anexo 2 amósase a modo de exemplo parte das indicacións que se facilitarán ao alumnado para a realización de dita actividade.

4. Outras

Ao longo das clases expositivas intercalaranse actividades de breve duración dirixidas especificamente a ilustrar dunha forma máis visual o contido expositivo e motivar así o interese e participación do alumnado. Co fin de que o alumnado empregue a súa capacidade crítica e imaxinativa, pedirase que, sobre a base do xa aprendido, visualice a posible resposta a certas cuestións antes de que os contidos teóricos pertinentes sexan explicados.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Estudar o sistema electoral implica mergullarse nun dos atributos centrais do deseño institucional dun réxime democrático. Os cidadáns con dereito a voto constitúense así nuns actores políticos fundamentais á hora de perfilar e debuxar a contorna do futuro político da súa comunidade. Os procesos electorais son así a manifestación da vontade política dos cidadáns que a través da tradución das súas preferencias de voto conforman directa ou indirectamente a composición da maioría das institucións dos sistemas políticos democráticos.

O asentamento do sufraxio universal nas democracias occidentais non foi froito dun proceso unidireccional senón de moitos avances e retrocesos no seo de constantes loitas vinculadas coa ampliación da liberdade política. Por primeira vez o sufraxio universal masculino foi recoñecido na Constitución francesa de 1793 e estendeuse lentamente por Europa Occidental até o final da I Guerra Mundial xeneralizándose o sufraxio universal ao termo da II Guerra mundial. Porén o sufraxio feminino introduciríase en moitos países, e antes da súa universalización, con moitos requisitos. Asemade, a ausencia de coacción sobre as intencións de voto dos electores sería algo que só se posibilitaría trala eliminación de prácticas como o coñecido caciquismo, tan presente en moitas sociedades rurais do mediterráneo, tanto no pasado como, en menor medida, no presente. Estes compoñentes fundamentais dos sistemas electorais ligados á universalidade, á liberdade, á igualdade e ao segredo do voto, estarían presente en todas as democracias liberais froito dunha evolución histórica converxente.

A día de hoxe no século XXI, a democracia, caracterizada por niveis de liberdades e dereitos así como de eleccións libres, existe nuns 90 países, case a metade da poboación mundial, e en torno a dous terzos dos países independentes contan cunha democracia electoral. Como un concepto máis restritivo que democracia liberal, poderíase definir como aquela que conta cun sistema de partidos competitivo e multipartidista, un sufraxio universal de adultos para todos os cidadáns, unhas eleccións competitivas regulares celebradas en condicións de voto secreto e seguro, ausencia de fraude e con resultados representativos da vontade popular, así como con un acceso público dos partidos ao electorado a través dos medios e campañas políticas abertas. (Freedom House, 2015)

Non obstante, non que atinxe aos mecanismos concretos que constitúen os sistemas electorais, cada tradición política nacional adoptaría un deseño concreto

adaptado as súas condicións socio políticas. Son estes compoñentes os que levarían a algúns politólogos a afirmar que estaríamos ante un instrumento político fácil de ser manipulado (Sartori 1996), polo que o coñecemento en profundidade da súa morfoloxía institucional axudaría a explicar a súa relevancia non só en termos formais senón de dinámica política.

Segundo a clásica definición elaborada por Rae (1971, 14) un sistema electoral sería un “conxunto de normas, técnicas e procedementos que rexen o proceso polo que a vontade política dos cidadáns maniféstase en votos, e estes son transformados en distribución de autoridade governamental (normalmente escanos parlamentarios) entre as forzas políticas contendentes”. En suma, un conxunto de regras para designar os representantes políticos a través de ditaminar cales son as pautas polas que os votos se traducirán en escanos.

1. Funcións das eleccións

As eleccións políticas poderían compararse con mercados económicos, nos cales os partidos políticos se encargan de ofrecer alternativas políticas e os votantes escollen entre elas mediante os seus votos (Colomer, 2009, 382). As sociedades políticas están conformadas por importantes *cleavages* ou divisións políticas, sociais, económicas e étnicas das cales os partidos políticos pretender reflectir e conformar, sendo así que os procesos electorais serven de mecanismos de inclusión e exclusión de grupos e intereses sociais. Á súa vez, estruturan as alternativas a disposición dos votantes afectando ao número de partidos finais e ocasionando a posterior fragmentación dos parlamentos.

Neste apartado estudarase como as eleccións, máis aló de ser unha dimensión central dos procesos democráticos definen a natureza de todo o sistema político no seu conxunto.

Segundo a Nohlen (1998, 18 e ss.) as funcións dos procesos electorais poderíanse clasificar segundo de que tipo de sistema político se trate, podendo clasificar as funcións segundo as eleccións sexan competitivas, non competitivas ou semicompetitivas.

1.1. Funcións das eleccións competitivas

Neste apartado, veremos como nos sistemas competitivos ou plenamente democráticos as eleccións expresan a confianza do electorado en candidatos electos, conforman os corpos representativos e son un dos principais mecanismos para controlar ao goberno. Porén, para este autor debería terse en conta tres factores estruturais que condicionan as funcións das eleccións en cada sistema competitivo como son a estrutura do sistema social, do sistema político e do sistema de partidos.

As funcións xenéricas que sinala este autor recollen as clásicas de goberno, representación, participación e lexitimación do poder:

- lexitimación do sistema político e do goberno dun partido ou coalición de partidos

- expresión da confianza cara a candidatos e partidos
- recrutamento das elites políticas
- representación de opinións e intereses do electorado
- adecuación ás preferencias do electorado das institucións políticas
- mobilización do electorado en torno a valores sociais, metas, programas políticos e intereses político-partidistas
- politización da poboación mediante a fixación dos problemas e as solucións
- canalización dos conflitos políticos mediante procedementos regrados
- expresión da pluralidade social e catalizadora dunha vontade política común politicamente viable
- fomento da competencia polo poder con base a alternativas programáticas
- designación do goberno mediante a formación de maiorías parlamentarias.

1.2. Funcións das eleccións non competitivas

A súa función non é a da lexitimación e control do poder senón como un medio de perfeccionar os obxectivos do réxime político:

- mobilización de todas as forzas sociais cara ao réxime,
- aclaración dos criterios da política do réxime,
- consolidación da unidade político-moral do réxime,
- a manifestación da unidade entre traballadores e partido, mediante participación e aprobación das listas únicas.

1.3. Funcións das eleccións semicompetitivas

As eleccións semicompetitivas son características de certos sistemas políticos históricos ou contemporáneos que non serían completamente democráticos e liberais pero que permitirían unha certa expresión da pluralidade política. Este tipo de sistemas adoptarían un sistema de eleccións que serían máis abertas á competencia política pero sempre dentro dos límites do non cuestionamento do poder constituído. Deste modo, o mecanismo de eleccións posibilitaría a lexitimación externa do réxime así como a relaxación das confrontacións políticas internas.

- A lexitimación das relacións de poder existentes,
- distensión político no interior do réxime,
- imaxe exterior de aparencia democrática,
- manifestación das forzas opositoras,
- axuste estrutural do poder con fines de estabilización do sistema.

2. Características do sufraxio electoral democrático

Neste apartado estudarase os compoñentes necesarios para dunhas eleccións democráticas. O incumprimento dalgún deste requisitos presupón unha das evidencias da ausencia, de facto ou de iure, dun sistema plenamente democrático. Pese a extensión das democracias dende as últimas décadas do anterior século,

a presenza de réximes políticos en todo o mundo que carecen da garantía ou implementación dalgún ou todos destes atributos é aínda relativamente baixo. Ditas características do sufraxio electoral son tan coñecidas e aceptadas tanto polas normas electorais dos países democráticos como polos politólogos, que son xa un clásico na ciencia política (Hernández Bravo, 2008).

2.1. Universal

Dereito a votar de todos os cidadáns maiores de idade baixo os requisitos de pleno goce dos dereitos civís e políticos, inscrición no censo electoral, non incorrer en causas de inelixibilidade ou gozar de determinados status xurídicos relativos á nacionalidade, á residencia ou á veciñanza administrativa así como estar desprovisto de determinadas declaracións expresas de incapacidade. Tamén no que atinxe ao exercicio da capacidade electoral pasiva pódense aplicar similares requisitos.

2.2. Libre

A liberdade no sufraxio é outro atributo imprescindible para a lexitimidade dos resultados electorais nunha democracia. Pódese ver obstaculizado pola presenza de desigualdades económicas. Consisten na ausente modificación das intencións de voto do elector así como na tamén ausente coacción electoral, antes ou despois de efectuarse o voto. Asemade, implica a eliminación de todo tipo de fraude electoral posibilitado pola presenza de interventores das candidaturas nas mesas electorais, así como por unha estrutura normativa que prevexa a impugnación e anulación de resultados acontecidos baixo ditas circunstancias.

2.3. Igual

O voto poder considerarse igual nun sentido formal numérico (cada cidadán conta cun voto) pero tamén nun sentido substancial ou de igual valor de resultado (non só de oportunidades).

2.4. Directo

Fronte ao sufraxio indirecto, o sufraxio directo defínese en tanto os votantes elixen directamente entre candidatos a un cargo público sen establecerse mediacións de persoas ou órganos.

2.5. Secreto

Oposto ao sufraxio público garante o anonimato na emisión do voto, asegurado por requisitos como a introdución da papeletas nun sobre pechado ou

outros mecanismos de votos coa mesa función. Porén, pode verse afectado por causas bastante triviais.

3. Condicións do elector

Un aspecto importante que debemos ter en conta é a ausente identidade entre a poboación residente dun país e o corpo electoral. O electorado presupón o número de cidadáns que, dados certos requisitos xurídicos teñen o dereito do voto. Á súa vez, cómpre diferenciar entre elector e votante, o primeiro como cidadán con dereito a voto e o segundo como o cidadán que efectivamente exercitou dito dereito. Esta diferenza axuda a distinguir entre aqueles países nos que o voto é un dereito e aqueloutros no que o voto é un deber ou obrigación e contéplanse sancións á súa conculcación.

Ademais faise preciso distinguir entre requisitos positivos e incapacidades para ser elector. Os requisitos positivos (capacidades legais positivas que todo elector debe reunir) son: a idade, a cidadanía e o domicilio de residencia. As incapacidades (capacidades legais negativas que impiden ao cidadán ser elector): nalgúns casos de discapacidades psíquicas, penas con privación de liberdade.

Explorárase asemade que tipos de condicións soen establecer as democracias para ser elixible, condicións que en moitos sistemas electorais tenden a ser equipadas ás de elector. Diferénciase entre condicións de inelixibilidade e incompatibilidade. As primeiras referíndose á imposibilidade de ser elector sendo desempeñando ao mesmo tempo determinados cargos públicos institucionais, ou, noutros casos, esixíndose determinada idade para poder ser elixible. As incompatibilidades, en cambio, refírense á imposibilidade de combinar a condición de cargo electo con determinadas situacións políticas, profesionais ou administrativas a prol da independencia e dedicación íntegra ao cargo.

4. Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes

Nunha das definicións máis utilizadas poderíase concibir o sistema electoral como aquel conxunto de métodos encargado de traducir os votos dos cidadáns en escanos de representantes, e nunha definición máis “operacional” o sistema electoral sería un conxunto de regras esencialmente inalteradas baixo as que se celebraron unha ou máis eleccións sucesivas nunha democracia concreta (Lijphart e Aitkin, 1995, 47).

Neste apartado procederáse á análise de cada un dos compoñentes así como á análise dos efectos globais en todo o sistema. Estaríamos pois ante un conxunto de compoñentes interdependentes. A circunscrición electoral e máis a forma da candidatura terían como función o traslado das preferencias políticas dos cidadáns a un tipo de modalidade de voto. A estrutura do voto, a barreira legal e a fórmula electoral en cambio encargaríanse de transformar os votos en escanos.

Para André Blais (1988), despois de examinar a proliferación de diferentes clasificacións de sistemas electorais, os compoñentes do sistema electoral que necesitan ser tidos en conta en toda clasificación son os seguintes: a natureza do

distrito, a magnitude do distrito, o obxecto do voto (listas ou individuos), o número de votos permitidos, o tipo de voto (nominal, ordinal, numérico), a fórmula (maioritaria, plural, proporcional). Todos eles, en diferente medida, explicarían as disparidades relativas entre votos e escaños. Cabe sinalar que toda clasificación é unha ferramenta heurística, polo que os sistemas electorais reais sempre soen ser sistemas mixtos.

En termos xerais existe unha certa unanimidade na politoloxía en torno a cales serían os compoñentes fundamentais dun sistema electoral pese a sempre existir certas matizacións ou diverxencias. Deste modo para Vallés e Bosh (1997) os elementos que conforman o sistema electoral ordenado por importancia poderíanse traducir en catro: o distrito, a fórmula, a barreira e a modalidade de voto. Por outra parte, se seguimos a Lijphart e Aitkin (1995) cabería distinguir oito dimensións dun sistema electoral, as catro primeiras serían as variables independentes principais e as cales coincidirían coas sinaladas polos autores anteriores salvo no que atinxe a modalidade do voto que sería substituída polo tamaño da asemblea e pasaría a constituír unha variable secundaria. As variables secundarias serían para estes dous autores aspectos menores pero cuxas consecuencias políticas deben ser tamén tidas en conta.

4.1. Variables independentes principais

4.1.1. Fórmula electoral

A fórmula electoral poderíase definir como o procedemento de cálculo a través do cal as preferencias expresadas polos electores son convertidas nunha distribución de escaños entre os diversos candidatos ou candidaturas dunha determinada circunscrición. Cabería distinguir entre fórmulas maioritarias e fórmulas proporcionais ou distributivas.

4.1.1.1. Fórmulas maioritarias

a) Fórmulas de maioría simple ou relativa:

Ditas fórmulas caracterizaríanse por outorgar o escano en xogo aos candidatos que obteñan o maior número de votos. Pode ser aplicada a distritos uninominais ou plurinominais e é coñecida a través de expresión anglosaxona de first-past-the-post, «quen primeiro cruza a meta, gaña»

b) Fórmulas de maioría absoluta:

Co obxecto de reforzar a posición dos elixidos esíxese nesta variante unha maioría absoluta dos sufraxios válidos emitidos, ou a metade máis un dos escaños en disputa.

Dúas modalidades de voto permiten a consecución desta maioría absoluta. Por unha banda a dobre votación (a dúas quendas) onde, se tras celebrada as eleccións, ningún candidato obtén a maioría absoluta requirida repítese a votación nunha segunda quenda, fomentando a retirada voluntaria dalgúns candidatos na segunda quenda así como a formulación de estratexias de apoio e retirada. Francia

sería o paradigma deste mecanismo. Por outra banda, atópase o voto alternativo ou preferencial onde se reúnen nunha soa quenda ou votación as dúas operacións do procedemento anterior. O votante indicaría na súa papeleta o nome do candidato preferido e a continuación sinalaría por orde de prioridade os demais candidatos presentados.

4.1.1.1. Fórmulas proporcionais

Ditas fórmulas buscan a proporcionalidade e favorecen que os pequenos partidos obteñan representación. Veríase limitada dita proporcionalidade cando só hai dous ou tres representantes por distrito, pero crecería cando a magnitude fose maior. Responden ao criterio de que a asignación de escaños sexa distribuída en relación ao número de votos obtidos por cada candidato ou candidatura en lugar de ser atribuídos ao que obtén maior número de votos.

En prol de realizar dita operación calcúlase o chamado cociente electoral a partir da fórmula $ce = v/m$, onde ce é o número de votos necesarios para conseguir un escano, número resultante da división entre v , o total de votos válidos emitidos no distrito, e m , o número de escaños de dito distrito. Para adxudicar os escaños a cada candidatura (ea) divídense os votos obtidos por cada unha delas (vc) entre o cociente electoral ($vc/ce = ea$). Dado que en xeral non saíran números enteiros unha serie de fórmulas pretenden solucionar a adxudicación das fraccións resultantes.

a) Fórmula de resto maior

Nesta modalidade, o reparto dos escaños restantes baséase na magnitude do resto de sufraxios non utilizados que presenta cada candidatura. Aplícase a circunscricións plurinominais.

- Variante Hare-Niemeyer
- Variante Hare-Andrae (ou voto único transferible)

d) Fórmula de media maior

Nesta modalidade, a lóxica é a de procurar que o custo medio en votos que se debe pagar para conseguir un escano sexa aproximadamente o mesmo para cada partido-

- Variante D'Hondt
- Variante Sainte-Laguë
- Variante Imperiali
- Variante Hagenbach-Bischoff

Asemade, á marxe destes marcos xerais existen unha serie de posibilidades en torno á elección da fórmula no deseño dun sistema electoral. Ditas fórmulas poden ser combinadas, dando lugar aos denominados «sistemas mixtos» ou «semiproportionais», e as fórmulas tamén poden ir combinadas xunto a distritos combinados desenvolvéndose a atribución de escaños en dous ou máis niveis. Á súa vez, as fórmulas poden ser aplicadas de modo independente ou interrelacionada, e tamén existiría a posibilidade de que a fórmula electoral a aplicar poida ser substituída por outra no caso de que os resultados electorais presenten determinadas características. (Vallés e Bosh, 1997)

4.1.2. Magnitude

A magnitude do distrito refírese ao número de escaños que ten asignado cada un dos distritos. A magnitude media é o resultado de dividir o número total de escaños na cámara legislativa (ou tamaño da asemblea legislativa) entre o número total de circunscricións.

4.1.3. Barreira electoral

Pode ser definida como o nivel mínimo de apoio electoral, expresado en número ou porcentaxe de votos, que un partido necesita para obter representación. O obxectivo é o de evitar unha fragmentación excesiva das cámaras representativas. Existen diversas modalidades clasificables segundo o eido de aplicación (estatal, distrito, estatal máis distrito) e segundo a barreira sexa expresada en votos ou escaños. Á súa vez, cabe diferenciar entre a barreira legal e a barreira efectiva, a primeira sendo a estipulada na normativa electoral e a segunda a resultante da influencia da magnitude do distrito e, en menor medida, da fórmula electoral, o número de candidatura en competencia e a distribución de escaños entre elas. No que atinxe á magnitude do distrito, cabe comprobar como non todos os sistemas electorais contan con barreiras legais e, neste senso, as magnitudes baixas de distrito teñen igual efecto que barreiras altas. Deste modo, cando a magnitude crece e a barreira baixa, maiores son as oportunidades dos pequenos partidos, ante a maior proporcionalidade.

4.1.4. Tamaño da asemblea

Refírese ao número total de escaños da cámara legislativa, estipulado nas normas electorais pertinentes. Como é de agardar, exerce unha forte influencia sobre a proporcionalidade e sobre o multipartidismo do sistema.

4.2. Variables independentes secundarias

4.2.1. Estrutura ou modalidade do voto

A distribución de escaños entre candidaturas realízase a través da agregación dos votos individuais. A modalidade de voto pódese definir como a forma que adopta a expresión da vontade de voto contida no acto de sufraxio. Pódese diferenciar entre voto personalizado e voto de lista, así como voto categórico ou voto preferencial.

4.2.2. *Malapportionment*

En sistemas con circunscricións uninominais a distribución desproporcionada de escaños significa que os distritos teñen un número substancialmente desigual de votantes; as circunscricións plurinominais que están distribuídas

desproporcionadamente teñen unhas magnitudes que non se corresponden co número de votantes de cada unha. Deste modo o *malapportionment* pode favorecer a un ou máis partidos.

4.2.3. Diferenzas entre eleccións lexislativas nos sistemas parlamentarios e presidencialistas

O presidencialismo tendería a debilitar o multipartidismo en tanto nas eleccións lexislativas que se celebra ao mesmo tempo que as presidenciais e estas son por maioría simple, os grandes partidos teñen máis vantaxes que os pequenos partidos e esa vantaxe trasládase ás eleccións lexislativas.

4.2.4 Posibilidade de unión das listas

Nesta modalidade os votantes elixen entre listas concorrentes de partidos, utilízase o seu voto total combinado para o reparto inicial de escaños.

5. Efectos do sistema electoral

5.1. Aspectos teóricos

O sistema electoral é o elemento máis importante da democracia representativa. En concreto a fórmula e a magnitude son os factores que terían as consecuencias máis importantes sobre a proporcionalidade da elección e os sistemas de partidos (Lijphart e Aitkin, 1995, 43).

Neste apartado contéplase así o sistema electoral, máis precisamente, aos seus compoñentes en tanto variables independentes ou explicativas. Mentres que o sistema de partidos vese afectado por outros factores (*cleavages*), e a súa relación co sistema electoral é sistémica, sendo o nivel de desproporcionalidade causado por aquel un gran responsable da morfoloxía dun sistema de partidos.

Todo sistema electoral xera un certo grao de desproporcionalidade, en tanto aquel funciona como un filtro que procesa as manifestacións dos cidadáns a través dos seus votos, ao distribuír os escaños entre os partidos en competencia. Non é correcto afirmar que un sistema máis proporcional sería mellor que un menos proporcional en tanto a elección entre primar a lóxica da representación fronte primar a lóxica da gobernabilidade é unha decisión que o lexislador adopta non tanto en termos de cal é a decisión máis xusta ou máis democrática senón máis idónea dadas as circunstancias políticas de determinada democracia. (Oñate e Ocaña, 1999)

Douglas Rae realiza en 1967 a primeira análise comparativa dos efectos dos sistemas electorais sobre a desproporcionalidade e o multipartidismo, amosando empíricamente a forte influencia da magnitude electoral.

Por outra banda, Duverger, nunha relevante contribución teórica no ano 1951, sinala os efectos mecánicos e psicolóxicos e a teorización sobre o voto útil ou estratéxico. Deste modo os efectos mecánicos consistirían na infra o

sobrerrepresentación de determinados partidos en función de se son primeira, segunda, ou outras forzas, en termos da disparidade entre porcentaxe de voto-porcentaxe de escaños; e os efectos psicolóxicos serían aqueles caracterizados por implicar a modificación do comportamento cidadáns e elites políticas, como é o caso do fenómeno voto útil ou estratéxico, coa repercusión de evitar escisións ou propiciar coalicións.

Nohlen (1998) destaca a interdependencia dos factores que resaltan as leis de Duverger e sinala as deficiencias no plano empírico, teórico e metódico.

Para Duverger (1992), os efectos máis salientables dos sistemas electorais sobre os sistemas políticos exércense sobre o número de partidos e sobre a estrutura interna dos partidos e a súa dependencia recíproca.

Asemade veremos como Sartori (1996) sinala que os sistemas electorais exercen efectos redutores e restritivos dos sistemas electorais e partidistas:

-efectos redutores: sobre o número de partidos (grao fragmentación dos parlamentos, conformación, estabilidade e rendemento dos gobernos que dependen de maioría parlamentaria)

-efectos restritivos (en lugar de multiplicadores segundo Duverger): estruturas as alternativas que os votantes confrontan nas eleccións restrinxindo así as posibilidades da súa elección.

Porén, todas estas posicións foron e son obxecto de numerosas actualizacións e confirmacións estadístico-empíricas.

5.2. Índices de Proporcionalidade

A prol de analizar a proporcionalidade ou desproporcionalidade do sistema existen numerosos índices encargados de permitir unha medición empírica de dita dimensión.

Baixo a premisa de que a desproporcionalidade sería unha cuestión de grao, os estudosos recorren a medidas de desviación entre a porcentaxe de escaños e a de votos (os valores índices aumentan cando o fai a desproporcionalidade), sendo algunhas das máis utilizadas as seguintes:

5.2.1. Fórmula de Rae

A crítica de que ao dividir entre todos os partidos tende a minimizar a desproporcionalidade naqueles casos nos que participan un número alto de partidos, como sería o caso dos sistemas de representación proporcional.

5.2.2. Fórmula de Loosemore e Hanby/ Rose

A crítica de que non é sensible á forma en que se distribúen as desviacións entre partidos, esaxerando a desproporcionalidade dos sistemas con moitos partidos e por tanto dos sistemas de representación proporcional. considerando de igual forma que houbese un só partido sobrerrepresentado con dez puntos de porcentaxe

e outra na que houberse dez partidos sobrerrepresentados cun punto de porcentaxe cada un, esaxerando así a desproporcionalidade de sistemas e eleccións nas que participen moitos partidos.

5.2.3. Fórmula de Gallagher

Un camiño intermedio entre Rae e Lossemore e Hanby, xa que rexistra con moita máis forza unhas poucas desviacións grandes que moitas pequenas.

6. O sistema electoral español: principais atributos

6.1. Aspectos introdutorios

Tras máis de 30 anos dende que se celebraron as primeiras eleccións en España pódese afirmar que a democracia española é unha democracia consolidada que non obstante precisa de importantes reformas para apuntalar a súa calidade (Jiménez, 2006).

O sistema electoral da nova democracia española, cuxas bases son as indicacións constitucionais da norma fundamental de 1978 así como da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), que regula as eleccións ao Congreso, o Senado, o Parlamento Europeo e aos Concellos, así como das outras leis vixentes no eido autonómico, foi o obxecto de numerosos estudos que dende una perspectiva sincrónica ou temporal así como comparada encargáranse de caracterizar os atributos fundamentais de dito sistema.

Deste modo, a maioría dos autores converxerían en caracterizar o sistema electoral español con denominacións como «sistema de representación proporcional fortemente corrixida», ou «sistema de representación proporcional de listas» así como en sinalar que dito sistema comprendería tres grandes áreas o subsistemas: a primeira caracterizada por circunscricións pequenas e sobrerrepresentadas, a segunda por grandes e infrarrepresentadas e a terceiro, intermedia, por circunscricións sen problemas de desigualdade de voto, onde a circunscrición mediana é igual á media.

Por outra parte, a través dos índices de desproporcionalidade compróbase como en perspectiva comparada, o sistema español é, en termos xerais, pouco proporcional, algo que novamente debería matizarse segundo o subsistema electoral que se analice.

Como vimos con anterioridade a desproporcionalidade vería dada empiricamente pola sobrerrepresentación dos grandes partidos e a infrarrepresentación dos pequenos. O que significa que a desproporcionalidade significa unha redacción da fragmentación parlamentaria respecto a electoral. En España, pese aos cambios nos últimos procesos electorais, a pauta vería marcada dende os inicios da andadura democrática por unha diferenza entre o número efectivo de partidos no parlamento e no electorado, o que podería significar unha falta de adaptación do sistema de partidos ao sistema electoral. (Penadés, 1999). Asemade, as circunscricións pequenas terían efectos parecidos a un sistema

maioritario con gran desproporcionalidade e tendencia ao bipartidismo, e a unha configuración multipartidista nas restantes mentres que as circunscricións medianas non presentarían unha caracterización tan clara.

Outros aspectos que se poden sinalar serían os requisitos xerais para presentar unha candidatura recollidos na LOREG.

Así, nesta epígrafe procederase a estudar o sistema electoral no ámbito nacional, para a elección das dúas cámaras lexislativas: Congreso de Deputados e Senado.

6.2. O sistema electoral para a elección dos membros do Congreso de Deputados

1) Tamaño da asemblea:

Un tamaño vixente de 350 escaños segundo o estipulado no artigo 162 da LOREG.

2) Fórmula de representación proporcional:

A fórmula D'Hondt foi a escollida polo lexislador español. Vixente para todos os niveis de representación territorial, dita fórmula non alentaría a fragmentación e incentivaría as coalicións. Porén o factor decisivo, tamén para o caso do sistema español, seguiría sendo a magnitude. O mecanismo de cálculo consiste en dividir o número de votos de cada candidatura entre o total de escaños por unha serie de divisores até acadar o total de escaños asignados por circunscrición. Os cocientes resultantes das divisións efectuadas ordénanse de maior a menor nunha serie que comprende tanto escaños como cocientes. Atribúense os escaños aos partidos cos maiores cocientes da lista. (favorece a partidos con maior número de votos e prexudica aos minoritarios) Os escaños restantes adxudícanse a fraccións decimais máis altas dos cocientes anteriores.

3) Barreira legal mínima:

Fixada legalmente no 3% dos votos (artigo 163 da LOREG), cómpre diferenciar entre barreira legal e barreira efectiva, sendo así que dita barreira legal en realidade só sería efectiva para os grandes distritos como Madrid e Barcelona, pois é imposible obter un escaño con só o 3% de votos na maioría das circunscricións. Non obstante dita probabilidade dependería da fragmentación do voto entre os partidos

4) Magnitude da circunscrición electoral:

Segundo o artigo 68 da Constitución do 78, a provincia sería a circunscrición electoral para as eleccións do Congreso e Senado. En total, respecto ao Congreso dos deputados os 350 escaños estarían repartidos entre 52 circunscricións.

Salvo Ceuta e Melilla que contarían cun escaño, a representación mínima para cada provincia fíxase segundo o artigo 162 da LOREG en 2 escaños, independentemente da poboación dando como resultado que zonas máis despoboadas, como as rurais, están sobrerrepresentadas respecto ás zonas urbanas. Así, por exemplo, puidera acontecer que Barcelona ou Madrid cun escaño por case cada 121.921 cidadáns con

dereito a voto mentres que Soria o lograría por pouco máis de 26.000, o que daría lugar a que un partido forte nos distritos máis rurais alcanzase unha maioría absoluta dos escaños con só unha terceira parte dos votos populares. A Magnitude media sitúase en torno aos 6,7 escaños. Á súa vez, a variabilidade do número de escaños elixidos en cada circunscrición sería un relevante atributo do sistema electoral español, reflectida nun rango que vai dende 1 escano a 34, podéndose dicir que cada terzo dos deputados do Congreso elíxese por un subsistema electoral diferente. (Penadés, 1999)

5) Listas pechadas e bloqueadas de candidatos

Esta modalidade favorecería o control das cúpulas dos partidos e dificultaría o éxito de candidatos que competisen pola visibilidade carismática en listas abertas. Asemade dificulta a influencia dos votantes sobre os seus representantes.

6.3. O sistema electoral para a elección dos membros do Senado

Como se verá na unidade XI, a imposibilidade dun consenso en torno ao sensible tema da organización territorial do Estado fixo imposible a constitución do Senado nunha verdadeira cámara territorial constituíndose en cambio como unha cámara de segunda lectura de proxectos e proposicións de lei, atopándose subordinada ao Congreso e sen funcións relevantes.

A maior parte dos escaños, son elixidos directamente polos cidadáns, mentres que outra parte menor depende da elección indirecta por parte das asembleas autonómicas.

No tocante aos escaños elixidos polos cidadáns, a elección realízase en circunscricións provinciais a razón de 4 senadores por provincia (salvo illas maiores— Gran Canaria, Mallorca, Tenerife— que elixen 3 e illas menores— Ibiza Formentera, Menorca, Fuerteventura, Gomera, Hierro, Lanzarote, La Palma—que elixen 1, e Ceuta e Melilla que elixen cada unha 2 senadores). Cada elector outorga ata 3 votos nas circunscricións provinciais, 2 votos nas illas maiores e Ceuta e Melilla, e 1 nas illas menores; e o elector poder votar a candidatos de agrupacións políticas diversas.

Por outra banda, os escaños restantes son designados polos Asembleas Autonómicas: 1 senador por cada CA e outro máis por cada millón de habitantes no territorio. Deste modo, o número de senadores nesta segunda partida, é variable dependendo dos cambios demográficos. A Constitución recolle que cada grupo parlamentario das asembleas autonómicas correspóndelle un número de escaños proporcional a súa forza numérica. Cada Estatuto de Autonomía regularía se os elixibles poden ser ou non membros da cámara autonómica.

6.4. Efectos do sistema electoral español nos partidos

Neste apartado, estudarase como o sistema electoral español premia aos partidos políticos segundo maior sexa o seu tamaño e a súa concentración electoral, algo que se pode comprobar mediante o cálculo da «taxa de vantaxe» ou cociente

entre a porcentaxe de escaños e a porcentaxe de votos para cada partido. Deste modo verase como, fronte aos partidos nacionalistas, os partidos minoritarios de eido estatal estarían prexudicados polo sistema. Deste modo, partidos distintos reciben tratos moi distintos.

Por outra banda, no referente a en que medida partidos iguais recibirían igual trato, débese salientar como a cuestión depende da respectiva relación entre a distribución do voto en cada partido e a magnitude electoral do distrito concreto, existindo, neste senso, unha tendencia a que se aw o partido ten máis votos no subsistema de circunscricións de menor tamaño que no de maior, dito partido obterá claras vantaxes, mentres que se é o revés, verase prexudicado. (Penadés, 1999)

7. Liñas de debate actual na ciencia política

Buscar una solución creativa ao dilema de facilitar tanto a estabilidade e eficacia governamental, facilitando a fluidez dos procesos de decisións, unha representación equilibrada dos intereses sociais é unha das principais preocupacións dos politólogos estudosos dos sistemas electorais.

Asemade verase como a politización dos aspectos relacionados co sistema electoral mostra asemade como no dito conxunto de normas, institucións e dinámicas electorais son só unha cuestión técnica, tal e como o mostra o debate actual no caso español.

Unha liña importante de estudo actual por parte da politoloxía interesada nos sistemas electorais dedícase á análise dos chamados «sistemas mixtos». Estes xorden dos intentos de dividir ao país en circunscricións maioritarias e circunscricións proporcionais de sorte que o elector reflicte as súas preferencias en dous tipos de votos: un a unha candidatura individual correspondente a cada distrito electoral (sistema maioritario) e outro outorgado a lista nacional única pechada e bloqueada proposta por cada partido (sistema proporcional). Nova Zelandia, Xapón, Venezuela, Bolivia ou México serían algúns dos países que teñen adoptado dito sistema. As súas características serían as de fortalecer os intereses políticos dos electores, mellorar a proporción votos-escaños ou facilitar a formación de coalicións gobernamentais. Garantiría asemade unha maior marxe de manobra do candidato na súa función de representación de intereses de determinados grupos sociais e esporearía un maior pluralismo nas cámaras representativas. Estes sistemas buscarían conxugar as virtudes dos sistemas maioritarios na dimensión da *responsiveness* co electorado coas virtudes dos sistemas proporcionais no tocante á diversidade e pluralidade de intereses representados. En consecuencia, este sistema tería a vantaxe de lograr unha maior proximidade entre representantes e representados, facilitando así o rendemento de contas (Lois e Diz, 2012, 206), aínda que tamén podería acontecer que neste tipo de sistemas unha das dúas lóxicas—maioritaria ou distributiva—terminase dominando á outra (Vallés e Bosh, 1997, 99)

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual

Ao remate de cada sesión interactiva o alumnado, de modo individual ou en grupo segundo o caso, entregará os resultados do seu traballo previamente comentado e debatido na aula. Os resultados destas probas avaliaranse tendo en conta o grao en que o alumnado é capaz de aplicar os conceptos e teorías aprendidos nas clases, a capacidade de desenvolver unha postura teórica propia e de analizar e razoar criticamente os supostos, textos ou documentos propostos.

2. Avaliación final

Os contidos teóricos desta unidade didáctica avaliaranse no exame final conxuntamente co resto de contidos da materia. Constituindo boa parte dos contidos desta unidade didáctica un eixe central de toda materia, a súa avaliación pode, segundo o caso, ser transversal á realización das preguntas ou dos exercicios de carácter teórico-práctico que sexan o obxecto do exame final.

BIBLIOGRAFÍA

- COLOMER, Josep M. (2009): *Ciencia de la Política*. Barcelona: Ariel.
- DIZ, Isabel, GONZÁLEZ, Marta y NOVO Amparo (2012): *Ciencia política contemporánea*, Barcelona: Editorial UOC.
- DUVERGER, Maurice (1992): «Influencia de los sistemas electorales en la vida política». En BATTLE, Albert, *Diez textos básicos de ciencia política*. Madrid: Ariel.
- FREEDOM HOUSE (2015): *Freedom in the world 2015: Discarding democracy: Return to the iron fist*. Washington, DC: Freedom House.
- HERNÁNDEZ BRAVO, Juan (2008): «Los sistemas electorales», en ÁGUILA, Rafael del (ed) *Manual de Ciencia Política*, Madrid: Trotta, págs 349-390.
- JIMÉNEZ, Fernando (2006): «El sistema político español contemporáneo», en SODARO, Michael (ed) *Política y Ciencia Política: una introducción*, Madrid: McGraw-Hill.
- LIJPHART, Arend e Don AITKIN (1995): *Sistemas electorales y sistemas de partidos: un estudio de veintisiete democracias, 1945-1990*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.
- MARCH, James G. e Johan P. OLSEN (1983): «The new institutionalism: organizational factors in political life». *American political science review*, 78(03), 734-749.
- NOHLEN, Dieter (1998): *Sistemas electorales y partidos políticos*. México: Fondo de Cultura Económica.
- OÑATE Pablo e Francisco A. OCAÑA (1999): *Análisis de datos electorales. Serie Cuadernos Metodológicos (No. 27)*, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

- PENADÉS, Alberto (1999): «El sistema electoral español (1977-1996)», en MONEDERO, Juan Carlos y Juan Luis PANIAGUA (coords.) *En torno a la democracia en España: temas abiertos del sistema político español*, Madrid: Tecnos, 289-342.
- ROTHSTEIN, Bo (2001): «Las instituciones políticas: una visión general», en GOODIN, Robert e Hans-Dieter. KLINGEMANN (eds.) *Nuevo Manual de Ciencia Política*, Madrid: Istmo, págs. 199-247.
- VALLÈS, Josep e Agustí BOSCH (1997): *Sistemas electorales y gobierno representativo*. Barcelona: Ariel

ANEXOS

1. Ejemplos de textos

Texto 1)

¿Unha persoa, un voto?

A decisión que se tomou a finais dos anos 70 e que perdura até a actualidade é a de buscar un equilibrio territorial á representación para “suavizar os efectos da irregular demografía”. Para non marxinar as zonas rurais e permitir que o groso da representación non repousase nas mans das grandes zonas urbanas, a Constitución Española optou por adoptar as que probablemente sexan as tres grandes restricións á proporcionalidade: 1) outorgar á provincia o rango de circunscrición electoral; 2) atribuír indefectiblemente un mínimo inicial de dous escanos a cada provincia — excepto a Ceuta e Melilla—; e 3) limitar a composición do Congreso dos Deputados a un intervalo de 300-400 representantes. Reforzando o peso de Huesca e Guadalaxara e diminuíndo o de Madrid e Barcelona, por exemplo, conseguíase equilibrar a desproporción demográfica en España en termos de representación.

Deste modo, o sistema electoral é igualitario porque outorga os mesmos dereitos electorais e, ademais, redistribúe os pesos dos votos case como o imposto sobre a renda, ao dotar proporcional e progresivamente de máis peso á provincias que menos teñen. Pero non é equitativo pois, obviamente, gañar un escano nunha circunscrición pequena é máis barato en termos de votos que nunha circunscrición grande.

Francisco Camas García (24 Xuño 2016): *¿Unha persoa, un voto?*. El País. (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: http://politica.elpais.com/politica/2016/06/23/actualidad/1466690206_192704.html

Preguntas para orientar para o comentario:

1) Que dimensións do sistema electoral que inciden na desproporcionalidade sinala o autor? Que outros factores inciden na desproporcionalidade dos resultados e cal é, segundo a teoría, os que máis impacto ten sobre aquela?

2) Escolla os resultados das catro provincias galegas e compara o total de votos precisos para lograr un escano. Que provincias estarían, seguindo esta tese, infrarrepresentadas ou sobrerrepresentadas?

3) Está de acordo coa opinión do autor de que os diferentes niveis de proporcionalidade segundo a provincia rompen coa idea da equidade do voto e estaríamos por tanto ante un sistema inxusto? Que outro tipo sistema sería posíbel? Argumente a súa resposta.

4) Busque un artigo académico que desenvolva empiricamente este aspecto da desproporcionalidade do sistema electoral español, en concreto, estudos que midan o impacto empírico dos diferentes tamaños das circunscricións e comenta brevemente os resultados. ¿Que opinión merécelle?

2. Práctica de simulación electoral

O obxectivo desta práctica de simulación é o de valorar os efectos dos diferentes elementos do sistema electoral sobre a proporcionalidade na tradución de votos a escanos.

1) Busque e elixa tres provincias con distritos de diferente magnitude, como por exemplo:

A Coruña (provincia): 8 escanos (magnitude media)

Lugo (provincia): 4 escanos (magnitude baixa)

Madrid (provincia): 36 (magnitude alta)

2) Analice e calcule en cada provincia:

a) o número de partidos e os votos por candidatura

b) a distribución en escanos mediante a Fórmula D'Hondt

c) os efectos da magnitude do distrito sobre a proporcionalidade votos-escanos. Identifique os partidos máis prexudicados pola distribución e sinala cales son as causas.

d) o impacto da barreira electoral en distritos de magnitude elevada, media ou baixa e a diferenza coa barreira efectiva. Sinala cales serían os partidos máis prexudicados.

e) calcule a desproporcionalidade utilizando as fórmulas de Rae e Loosemore-Hanby e compare os resultados.

f) repita o mesmo exercicio para o caso das convocatorias no ámbito provincial ou municipal cos casos que sexan do voso interese.

*Indicacións de páxinas web necesarias para a realización do exercicio:

- Para saber o número de deputados por provincia e calcular o tipo de magnitude:

Artigo 162 (Capítulo III do Título II) da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral:

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1985-11672>

Real Decreto 977/2015, de 26 de outubro, de disolución del Congreso de los Diputados e del Senado e de convocatoria de eleccións:

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/10/27/pdfs/BOE-A-2015-11505.pdf>

- Resultados agregados das eleccións de Decembro 2015: Portal de Consulta de Resultados Electorais do Ministerio do Interior:
<http://www.infoelectoral.interior.es/min/>
- Simuladores electorais para realizar o exercicio:
<http://icon.cat/util/elecciones>
<http://www.portalelectoral.com/mapas/prueba1.htm>
- Fórmulas electorais para a análise da desproporcionalidade do sistema:
Ver, por exemplo: LIJPHART, Arend y Don AITKIN (1995): *Sistemas electorales y sistemas de partidos: un estudio de veintisiete democracias, 1945-1990*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA